

D^a NATALIA BARREIRO MATA

REPRESENTANTE DOS INTERESES SOCIAIS

Directora Refinería de Repsol Petróleo na Coruña

Estudos

Enxeñeira en Automática e Electrónica Industrial pola Universidade Politécnica de Cartaxena.

Máster en Refino, Petroquímica e Gas polo Instituto Superior da Enerxía.

Conta ademais cun Máster en Prevención de Riscos Laborais e cun plan de desenvolvemento directivo polo IE.

Traxectoria

Iniciou a súa carreira profesional en 1997, no área de Mantemento da factoría de Cartaxena de General Electric Plastics.

En 1999 incorpórase a Repsol, iniciando a súa carreira técnica na Refinería de Cartaxena nas áreas de Procesos e Operacións.

No ano 2006 participou dende a sede central da compañía como enxeñeira da propiedade no proxecto de ampliación da Refinería de Cartaxena, un dos proxectos máis importantes da historia industrial española.

Dous anos máis tarde regresa a Cartaxena e incorpórase a postos de xestión na Refinería onde ocupa as posicións de Xefa de Seguridade e Xefa do Departamento Operativo de Hidrotratamento.

No ano 2013 é nomeada membro do Equipo Directivo do Complexo Industrial de Cartaxena como Directora de Enxeñería e Desenvolvemento.

En 2015 trasladouse á Coruña como Directora de Produción do Complexo Industrial de Repsol, posición que ocupou ata Setembro de 2020, en que pasa a ocupar a Dirección da Refinería coruñesa.

Actividade actual

Membro do Comité Executivo da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación da Coruña.